

IMPORTES AXUDAS DE CUSTO, QUILOMETRAXE E OUTROS

Tempada 2006 - 2007 - Circular 06-09

Xerais

A seguir indícanse os importes correspondentes a axudas de custo, quilometraxes e outros aplicables a todos os membros da Federación.

Para calquera desprazamento en vehículo propio a cargo da federación pagaranse 0.20 euros por quilómetro. Empregarase a táboa de distancias quilométricas por estrada do "Mapa de Carreteras" do Ministerio de Fomento.

Independentemente, pagaranse tamén as peaxes, para o que será necesaria a presentación do ticket ou xustificante correspondente.

A axuda de custo por comida establecese en 18 euros.

Desprazamentos da selección galega

Aos adestradores que se despracen acompañando a calquera das seleccións galegas corresponderalles a cantidade de 30 euros por día de competición. No Campeonato de España por Autonomías pagaranse ademais 50 euros polos días de desprazamento.

Pagaránselle tamén todos os gastos de desprazamento dos nadadores convocados, incluídos os traxectos de chegada aos puntos oficiais de saída.

Concentracións organizadas pola FEGAN

Nas concentracións pagaranse os gastos de desprazamento e aloxamento aos adestradores colaboradores dos clubs

A Coruña, 21 de xullo de 2006

Secretaría Xeral da FEGAN